

ESTRATEGIA DE ACTUACIÓN E ESTUDIO ECONÓMICO

1.- ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN

1.1.- Introducción

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Laza, tal e como sinala o artigo 60 da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, deséñase unha estratexia de actuación e planificación realizada a medida das características urbanísticas e socioeconómicas do municipio.

Nesta estratexia de actuación, o Plan Xeral determina as prioridades das actuacións máis importantes e os sistemas xerais que han de crearse necesariamente.

Nestes casos fíxanse prazos e condicións nos que teñan que ser executadas as accións públicas programadas, así como as determinacións da ordenación detallada sen necesidade de remisión o planeamento de desenvolvemento.

1.2.- Estratexia de actuación

Solo urbano consolidado

So se precisan de pequenas actuacións para converter en soar aquelas parcelas que aínda non acadarán a condición, e outras actuacións de regularización de viario ou reurbanización dos mesmos.

Nos cadros e fichas pormenorizados que se adxunta, sinálase a interrelación das accións públicas, programadas cas estratexias de actuación do P.X.O.M., incluíndo nalgún dos cuatrienios para o seu desenvolvemento.

Do diagnóstico realizado dende a visión urbanística e das previsións escollidas na proposta de planificación, considerase que existen actuacións que se deben considerar como de “Máxima Prioridade” ou de “Primeiro Nivel” para a reactivación da actividade urbanística e a mellora efectiva da estrutura xeral e orgánica do territorio municipal. Ditas actuacións serán homologables cos ámbitos de actuación preferente sinalados na Lei de Ordenación Urbanística de Galicia.

De seguido descríbese de forma esquemática aquelas actuacións de iniciativa pública e privada que se consideran de “Actuación Preferente”.

1.3.- Actuacións preferentes

- a) Infraestruturas e instalacións urbanas.
O núcleo urbano de Laza, necesita realizar unha mellora da estación depuración de augas residuais, xa que fundamentándose nas previsións realizadas, a actual depuradora pode non ser suficiente a súa capacidade.
Por elo proponse realizar un reforzo na depuración e substituír as fosas sépticas establecendo previsións de inversión pública.
- b) Parques
Unha das primeiras necesidades do núcleo urbano de Laza e de dotar este de espazos libres, po lo que necesítase obter de forma inmediata espazo de zonas verdes, facéndose unha previsión de reserva de solo para este fin.
- c) Equipamentos
Tamén se considera prioritario a construción de un cámping e un centro de saúde, reservándose terreos no entorno do polideportivo para o cámping e parte da parcela fronte o concello para centro de saúde e un centro asistencial.
- d) Espazos libres
Outra das actuacións previstas, e a dotar todos os núcleos rurais de espazos libres axardinados.

1.4.- Estratexia de actuación no solo urbano.

Tódalas actuacións que se prevén no solo urbano, desenvolveranse no primeiro cuatrienio.

1.5.- Estratexia de actuación no solo de núcleo rural

Tódalas actuacións incluídas dentro do solo do núcleo rural, desenvolveranse no segundo cuatrienio.

1.6.- Estratexia de actuación no solo urbanizable sen sectorizar

O desenvolvemento do solo urbanizable non sectorizado no caso de existir iniciativa particular, ou pública no caso de interese social ou cando as especiais características da actuación así o requiran podería autorizarse no primeiro cuatrienio.

ESTUDIO ECONÓMICO

1.- ESTUDIO ECONÓMICO DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE LAZA

Tal e como reseña a Lei de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia, o Plan Xeral conterá unha avaliación do custo de execución dos sistemas xerais e das actuacións previstas, con indicación do carácter público ou privado da iniciativa de financiamento, xustificando as previsións que cumpra realizar cos recursos propios do Concello.

Como e natural o estudio económico aborda as actuacións mais sinaladas e relevantes, sendo estas as que se consideran imprescindibles para a estrutura xeral.

2.- OBTENCIÓN DE SOLO DE SISTEMA XERAL

O solo do sistema xeral proxectado de nova creación polo Plan Xeral deberá obterse po los mecanismos que establece a Lei 9/2.002. polo tanto serán obtidos por expropiación.

Nas fichas e nos listados que se adxunta, determínanse as valoracións aproximadas do solo así como o custe de execución das obras de urbanización.

FICHAS ESTUDIO ECONÓMICO

ESTUDIO ECONÓMICO

A) Parques e áreas de espallamento no medio rural

1.- Dotación e urbanización de unha zona verde de parque natural no medio rural denominada Z.V.g-NC-04 con unha superficie de 101.124 m² emprazada limítrofe a capitalidade do municipio (Laza).

101.124 x 1,50 Euros ----- 151.686 Euros

INICIATIVA

Consellería do Medio Rural ----- 75.843 Euros

Concello 50% ----- 75.843 Euros

2.- Dotación e urbanización de distintos ámbitos de parques públicos, dentro dos núcleos rurais

9.862 m² x 8,00 Euros ----- 78.896 Euros

INICIATIVA

Consellería do Medio Rural ----- 59.172 Euros

Concello 25% ----- 19.724 Euros

3.- Dotación e urbanización de parques urbanos no núcleo da capitalidade

1 partida de ----- 282.767 Euros

INICIATIVA

Deputación 75% ----- 212.075 Euros

Concello 25% ----- 70.692 Euros

B) Infraestruturas Viarias

4.- Ampliación e urbanización de distintos tramos viarios urbanos seme urbanizados, dotándoos de beirarrúas e alumeado.

1 partida de ----- 150.000 Euros

INICIATIVA

Deputación 85% ----- 127.500 Euros

Concello 15% ----- 22.500 Euros

C) Equipamentos e instalacións urbanas

5.- Reforzo da depuración en Laza ----- 570.961 Euros

INICIATIVA

Consellería de Medio ambiente e
Desenvolvemento Sostible (augas Galicia) 100%- 570.961 Euros

6.- Inversións programadas na rede de saneamento e abastecemento en los distintos núcleos del municipio

1 partida de ----- 254.228 Euros

INICIATIVA

Consellería de Medio ambiente e
Desenvolvemento Sostible (augas Galicia)----- 158.066 Euros
Deputación ----- 96.162 Euros

7.- Dotación dun cámping municipal nas inmediacións do polideportivo de Laza dunha superficie de 13.711 m²

1 partida de ----- 164.532 Euros

INICIATIVA

Consellería do Medio Rural 75% ----- 123.399 Euros
Concello 25% ----- 41.133 Euros

8.- Dotación dunha residencia para a terceira idade nas inmediacións da igrexa do núcleo de Laza de unha superficie de 1.500 m²

1 partida de ----- 24.950 Euros

INICIATIVA

Deputación 75% ----- 18.713 Euros
Concello 25% ----- 6.237 Euros

RESUMEN DE LA INVERSIÓN POR OS ORGANOS AFECTADOS POR LA EXECUCIÓN DO PLAN

A) Concello de Laza

| | |
|-----------------|----------------------|
| Partida 1 ----- | 75.843 Euros |
| Partida 2 ----- | 19.724 Euros |
| Partida 3 ----- | 70.692 Euros |
| Partida 4 ----- | 22.500 Euros |
| Partida 7 ----- | 41.133 Euros |
| Partida 8 ----- | 6.237 Euros |
| TOTAL | 236.129 Euros |

B) Deputación Provincial de Ourense

| | |
|-----------------|----------------------|
| Partida 3 ----- | 212.075 Euros |
| Partida 4 ----- | 127.500 Euros |
| Partida 6 ----- | 96.162 Euros |
| Partida 8 ----- | 18.713 Euros |
| TOTAL | 454.450 Euros |

C) Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda

| | |
|-----------------|----------------------|
| Partida 5 ----- | 570.961 Euros |
| Partida 6 ----- | 158.066 Euros |
| TOTAL | 729.027 Euros |

D) Consellería do Medio Rural

| | |
|-----------------|----------------------|
| Partida 1 ----- | 75.843 Euros |
| Partida 2 ----- | 59.172 Euros |
| Partida 7 ----- | 123.399 Euros |
| TOTAL | 258.414 Euros |

A inversión prevista por actuacións públicas para o desenvolvemento do Plan Xeral de Laza nos próximos 8 anos ascende a un total de **1.678.020 Euros**.

As asignacións que se fan os distintos organismos públicos son indicativas, e non adquiren compromiso ningún para eles, quedando as inversións suxeitas as negociacións oportunas en cada un dos casos, co organismo que corresponda. No caso das inversións asinadas a Deputación Provincial faranse con cargo os Plans Provinciais, que este organismo concede anualmente o Concello de Laza. As asinadas a Consellería do Medio Rural serían con cargo as axudas que concede esta Consellería para infraestruturas rurais, que ascenden a un importe anual de 100.000 Euros.

A capacidade inversora por parte do concello será xustificada con acreditación do interventor do Concello

En Ourense, decembro 2007

Asdo:

O Representante do Equipo Redactor

Manuel Requejo Conde

